

CIENCIAS NATURAIS . Rematamos o repaso dos animais vertebrados coas aves. Paula e Lara quedaron de mandar ao whatsapp unha foto dunha ave.

CIENCIAS SOCIAIS. Repasamos as profesións con exercicios.

MATEMÁTICAS. Na ficha que se adxunta despois das de CCNN e CCSS explico o que teñen que facer máis polo miúdo. Hai erros na táboa de sumar. Sería conveniente que foran eles /elas os que os descubriaran.

LINGUA CASTELÁN. Deben facer cada día , polo menos, unha ficha diaria. Practicar a lectura do ornitorrinco e lerlla a alguén en alto.

LINGUA GALEGA. Unha pequena lectura e exercicios. Tamén mando un enlace dun conto, sería bo que despois de escoitalo, volo contaran a vós.

No apartado OUTROS hai un enlace que explica a multiplicación coas regretas. Poden miralo, aínda que visto así, sen manipulalas, é un pouco aburrido. É para que se dean conta de que a multiplicación é sumar varias veces o mesmo número; parece unha tontería pero para a comprensión dos problemas é moi práctico.

BOA SEMANA.